

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA PARA A MELLORA COMPETITIVA DAS EMPRESAS DO MAR NO ANO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Asociación Clúster Alimentario de Galicia (en adiante CLUSAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 02 de marzo de 2026 ata o 1 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e CLUSAGA para a coordinación de accións para a mellora competitiva das empresas do sector mar-alimentario no ano 2026.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. ESTUDO DE INTERNACIONALIZACIÓN DO SECTOR MAR INDUSTRIA - ALIMENTARIO DE GALICIA

O obxectivo principal deste proxecto é proporcionar unha visión integral do estado actual e do potencial de internacionalización do sector mar-alimentario de Galicia, así como do resultado e impacto das accións de apoio ao sector que ven desenvolvendo a Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Para lograr isto, levarase a cabo unha análise macroeconómica do sector, unha análise DAFO específica para a internacionalización, unha identificación dos mercados estratéxicos máis relevantes, unha enquisa de avaliación de resultados das actuacións desenvolvidas pola Consellería entre as empresas do sector e a



organización dun foro de internacionalización con obradoiros prácticos. O programa expón varias fases:

1. Análise macroeconómica do sector
2. Análise DAFO de Internacionalización
3. Análise de mercados estratéxicos
4. Enquisa a empresas do sector e análise de impacto das accións da Consellería
5. Foro de internacionalización do sector do mar

2. PROGRAMA COMPETEMAR INTERNACIONAL

A internacionalización é un instrumento chave que permite optimizar e garantir a competitividade das empresas aproveitando as oportunidades que ofrece a crecente integración dos mercados. Neste contexto é indiscutible a necesidade de capacitar ás empresas do sector para que poidan sacar o máximo proveito posible das oportunidades que ofrecen os mercados exteriores. O proxecto presentado proporcionará un paquete completo de servizos orientados á internacionalización para as empresas do sector mar-industria en Galicia, baseándose na formación e na información. A este efecto establécese un programa formativo para as empresas que poderán dispoñer das ferramentas precisas para elaborar a súa estratexia de internacionalización e seleccionar os mercados estratéxicos aos que se orientará.

O programa presenta tres obxectivos

1. Identificar novos mercados internacionais de oportunidade para o sector.
2. Dotar ás empresas do sector de ferramentas útiles que lle faciliten a toma de decisións na adopción de novas estratexias, optimizando os recursos dispoñibles, e que incrementen a súa competitividade nos mercados obxectivo.
3. Desenvolver a estratexia *in situ* coa prospección de mercados seleccionados a través de misións directas aos mesmos.

E varias fases:



Fase 0. Preselección de mercados internacionais e deseño do programa

Fase 1. Mellora da capacitación e capital humano no soporte á internacionalización

Fase 2. Servizos de información, análise de tendencias e prospección nos mercados obxectivo

Fase 3. Programa de misións comerciais internacionais aos mercados obxectivo

Fase 4. Avaliación, seguimento e reporte de resultados

3. PROGRAMA COMPETEMAR TASTE OF THE SEA

Este programa formula tres obxectivos

1. Aumentar a visibilidade e o recoñecemento dos produtos do mar de Galicia en mercados nacionais e internacionais.
2. Promover o consumo de peixe e marisco galego a través de experiencias gastronómicas.
1. Establecer relacións comerciais e gastronómicas que potencien a exportación e a presenza en novos mercados.

Inclúe varias fases

Fase 1: Preparación e planificación

Fase 2: Desenvolvemento da acción promocional coa organización de eventos gastronómicos en mercados obxectivo e a súa promoción a través de medios de comunicación e redes sociais

Fase 3: Avaliación e seguimento

4. PROGRAMA COMPETEMAR: PROGRAMA DE FORMACIÓN DIRECTIVA

No competitivo e dinámico mercado global do sector alimentario, e, en particular, entre as empresas do sector do mar, enfróntanse desafíos constantes, desde as dinámicas de rápida evolución dunha demanda que esixe produtos innovadores e saudables, ata a inseguridade xurídica que xera a cambiante regulación ~~uasras~~ tendencias do mercado. Neste contexto, contar con líderes altamente capacitados e orientados ao éxito convértese nunha necesidade imperante para garantir o crecemento e a sustentabilidade das organizacións.



Neste contexto, o Programa Competemar inclúe un programa de dirección de empresas alimentarias, co propósito de impulsar o crecemento e a excelencia dos profesionais que integran as empresas do sector mar-alimentario. Este programa busca fortalecer as súas habilidades directivas e de liderado para fomentar o bo goberno, a eficiencia e o éxito nas súas organizacións.

Obxectivos do programa:

- Comprender as claves da contorna así como os efectos que os ditos factores teñen no sector empresarial.
- Desenvolver unha visión estratéxica e global da realidade empresarial para contribuir á mellora dos resultados das compañías.
- Capacitar aos participantes na xestión eficiente de recursos financeiros e orzamentos, optimizando a rendibilidade e sustentabilidade das empresas do sector.
- Fomentar as habilidades directivas e de liderado necesarias para xerar equipos colaboradores e competentes.
- Debater sobre novas maneiras, máis eficientes, de asumir os retos que o mercado e a xestión do negocio na industria imponen e desenvolver unha adecuada orientación ao mercado, aos clientes e aos consumidores.

O programa de dirección de empresas alimentarias organizado por CLUSAGA divídese en varios bloques temáticos, cada un composto por unha gran variedade de sesións que se estenden e afondan no bloque temático.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009,



do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos”.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) é unha organización sectorial que artella a estrutura organizada do sector alimentario galego, en senso amplo, empresas, entidades de investigación e innovación e outras organizacións, integrándoos en procesos de cooperación. O liderado do Clúster Alimentario de Galicia baséase en transformar visións e plans en accións, atopando os medios e a enerxía para desenvolver novas ideas, coa sofisticación de estratexias empresariais, e creando solucións prácticas aproveitando as oportunidades para abordar o reto de mellorar a posición competitiva dos seus asociados, co conseguinte incremento da rendibilidade de xeito sustentable.

A Consellería do Mar e CLUSAGA están interesados na potenciación do sector da pesca e da acuicultura, buscando mellorar a competitividade das empresas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete

